

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	22 de xuño de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 23:02 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
32685426B	Elisa Marqués Parrilla	NON
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luis González Rodríguez	SÍ
35567092F	Sr. Alcalde Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ

35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		
1. Elisa Marqués Parrilla: «A orde do día non inclue asuntos de carácter económico.»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 1913/2018. Aprobación inicial da modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA).

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da Proposta de Alcaldía de 14.06.2018 que literalmente di:

“Visto que por acordo do Pleno de data 13.03.2009, aprobouse a Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA) (BOPPO núm. 102 de 01.06.2009).

Vista a necesidade de proceder á modificación da devandita ordenanza aos efectos de engadir un novo apartado no artigo 7, que regula os vehículos exentos de limitación na zona azul.

Vista a proposta do Concelleiro de Tráfico de data 12.06.2018.

Visto o informe de Secretaría de data 14.06.2018 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Comisión informativa ditamina favorablemente o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora

do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), engadindo un novo apartado, coa redacción que a continuación se recolle:

« Artigo 7. Vehículos exentos de limitación na zona azul.

Están exentos das limitacións de estacionamento na zona azul:

(...)

Artigo 7.5.- Os vehículos de persoal sanitario acreditados coa correspondentetarxeta emitida polo Concello de Salceda de Caselas.»

SEGUNDO. Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>

TERCEIRO. Facultar a Alcalde de Salceda de Caselas para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

Sr. Alcalde: Benvidos a este pleno do mes de xuño, nuns minutos incorporárase o compañeiro Miguel, benvidos unha vez mais, esta é a vosa casa, que ten varios puntos na orde do día, cinco concretamente, e si vos parece pasamos a parte resolutiva, o este punto primeiro refírese á aprobación inicial da modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), ten a palabra o Concelleiro de Tráfico,

Sr. González Rodríguez: Boas tardes, o que se trata neste punto é efectivamente a modificación da ordenanza reguladora do estacionamento en horario limitado gratuito da zona azul, preténdese modificar un artigo en concreto que é o artigo 7, aqueles vehículos que están exentos da limitación horaria para facer uso desa zona azul, en concreto se recolle o de incluír no apartado cinco de exención aos vehículos de servizos sanitarios, dicir que consta no expediente un informe de secretaría, o cal indica que o contido da modificación é conforme a legalidade. Da lectura á proposta de modificación do artigo 7.

Pasou o tramite da comisión informativa co voto favorable de esta e unha vez supere, si é o caso, o tramite plenario, publicaríase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro do concello durante un período de trinta días para a súa exposición e que

os veciños poidan facer suxestións ou alegacións e unha vez resoltas se volvería a publicar definitivamente a ordenanza no Boletín e entraría en vigor.

Sr. Rodríguez Davila: o noso grupo na comisión manifestou a non conformidade total ca modificación que se pretende, entendendo que é un pouco escasa xa que creemos que o mais convinte era que na rúa Compostela ao lado do centro de saúde se habilitasen a lo menos unha serie de prazas exclusivas para os profesionais, para que en caso de urxencia tivesen os seus vehículos o mais preto posible, isto creo que ven a pleno porque tristemente houbo un suceso nunha das gardarías do noso concello, onde houbo un escrito por rexistro solicitando a creación de prazas e dando voz aos profesionais que alí traballan, instando ao concello a que habilitase estas prazas nesa rúa. O mais correcto e o mais eficaz é a creación e habilitación das prazas para os profesionais o mais preto posible do centro de traballo, ademais vamos a facer unha proposta para que se engada mais adiante e farémolo por escrito para que esta ordenanza inclúa tamén a inclusión entre outras servizo a domicilio hospitalario, pois como ben sabedes a miúdo veñen ao noso concello a prestar ese servizo, non so no horario de mañá se non tamén de tarde. Claros exemplos temos noutros concellos limítrofes nos que se autoriza a estes servizos, teño aquí por exemplo a autorización do concello de Vigo á utilización da zona carga e descarga por parte deste servizo, polo tanto eu creo que se podía e se pode engadir, si hai vontade política, na nosa ordenanza municipal o que acabo de manifestar, dado que o que se somete a pleno é esta modificación so para os profesionais que traballan no noso centro de saúde, votaremos a favor loxicamente aínda que nos pareza escasa.

Sra. Tourón Domínguez: Boas tardes a todos e todas, en canto ao punto, eu xa o comentei en nome do noso grupo na comisión informativa, aínda que é un paso a nos tamén nos parece escaso, aínda que ven dun feito acontecido nunha gardería, como dicía o compañeiro do Partido Popular, deberíamos de chegar a isto antes de que acontezan os feitos. Nos creemos que tamén debería de haber unha reserva de prazas como mínimo para un médico de cabeceira e unha pediatra, posto que non é iso o que ven na ordenanza pero si como dicía antes é un paso, nos ímolo a apoiar. Como comentamos na comisión informativa, segundo o señor alcalde si se lle daban as prazas a este servizo outros profesionais ían a esixir o mesmo, eu creo que non se pode comparar, estamos falando dun servizo de emerxencia e creo que non se pode comparar, con todos os meus respectos, co traballo que fai un reloxeiro ou calquera profesional co seu traballo diario nesa rúa, imos a apoiala aínda que nos parece escasa, creo que se debería haber consensuado un pouco o que era mellor para esa zona e para o ese servizo sanitario.

Sr. Alcalde: por alusións, Sra. Castiñeira Alen.

Sra. Castiñeira Alen: boas tardes a todos e a todas, simplemente por matizar, e agora que Verónica falou de consensuar, o pasado luns día 11 de xuño reunímonos coa xefa de servizo logo de atoparme nunha consulta privada persoal con ela, e trasladamos para

este luns a xuntanza na que me fixo saber cales eran as súas necesidades. No noso centro de saúde hai aproximadamente 13 persoas entre persoal e facultativos, diariamente hai cinco potenciais saídas a urxencias ou a visitas médicas, están garantidas dúas prazas é o único que me trasladou e así o recollemos nesta modificación da ordenanza é un estacionamento continuado sen limite de horario na zona azul, e foi trasladada a este pleno, non estou de acordo en que non haxa consenso, foi consensuada precisamente e atendidas as peticións dos facultativos do centro de saúde e nomeadamente a xefa de servizo.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión (ausente o Sr. González González), adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado gratuito na que se determina zona azul (ORA), engadindo un novo apartado, coa redacción que a continuación se recolle:

« Artigo 7. Vehículos exentos de limitación na zona azul.

Están exentos das limitacións de estacionamento na zona azul:

(...)

Artigo 7.5.- Os vehículos de persoal sanitario acreditados coa correspondentetarxeta emitida polo Concello de Salceda de Caselas.»

SEGUNDO. Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>

TERCEIRO. Facultar a Alcalde de Salceda de Caselas para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

2. Expediente 1881/2018. Aprobación inicial da modificación do artigo 40 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos.

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0,

Abstencións: 5,

Ausentes: 0

Dase conta da proposta de Alcaldía de 14.06.2018 que literalmente di:

“Visto que por acordo do Pleno de data 15.06.2014, aprobose o Regulamento do Mercado Municipal de Abastos do Concello de Salceda de Caselas (BOPPO núm. 120 de 24.06.2014).

Vista a necesidade de proceder á modificación do devandito Regulamento, en concreto do Capítulo VI, referido ás transmisións intervivos, aos efectos de flexibilizar o actual réxime de transmisión para aqueles supostos en que a mesma se realice entre familiares.

Vista a proposta da Concelleira de Concelleira de Formación e Emprego, Sanidade, Turismo, Comercio e Consumo, Parque e Xardíns de data 14.06.2018 de modificación do artigo 40 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos.

Visto o informe de Secretaría de data 14.06.2018 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Comisión Informativa ditamina favorablemente:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación Regulamento do Mercado Municipal de Abastos coa redacción que a continuación se recolle:

«Artigo 40. Os adxudicatarios ou concesionarios poderán traspasar o posto conservando o mesmo destino previo outorgado pola Corporación nos seguintes supostos:

1.- Persoas físicas, só a favor das seguintes persoas:

- Parentes de ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade.*
- Cónxuxe.*
- Persoas vinculadas por análoga relación de afectividade, que acrediten que conviven entre si, mediante informe emitido pola Policía Local, alómenos durante dous anos ininterrompido ao momento anterior a que soliciten a transmisión.*

Deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o

posto ou bancada, mediante escrito dirixido ó concello onde a persoa transmitente e a adquirente manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dipoarán dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, entenderase que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmita a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, entenderase que o concesionario é o anterior á autorización municipal a todos os efectos. O que pretenda sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalize e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquiri-lo posto.

2.- No caso de persoas xurídicas so se admite a transmisión nos casos de fusión, absorción ou escisión.

Deberán solicitar a autorización con carácter previo á fusión, absorción ou escisión, para a transmisión. Unha vez autorizada, dipoñen dun prazo de seis meses para formalizala e comunicala ao concello. De non acreditarse dita fusión, absorción ou escisión no devándito prazo entenderase non transmitida polo que o anterior concesionario seguirá sendo o titular, sempre que exista, se non entenderase extinguida sen dereito a indemnización. Se se necesitase un prazo maior para levar a cabo ditas actuacións mercantis deberá solicitarse e acreditarse debidamente, resolvendo o concello o que proceda. Dita solicitude deberá realizarse con carácter previo ao transcurso do prazo de seis meses.

3.- En caso de que non concurra ningún dos supostos establecidos nos apartados 1 e 2 do presente artigo, os adxudicatarios ou concesionarios poderán traspasar o posto conservando o mesmo destino previo outorgado pola Corporación e previo pago dos dereitos tributarios correspondentes, de acordo co seguinte procedemento: o interesado ou concesionario presentará instancia no Concello solicitando o traspaso e anunciarse no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Mercado polo prazo de 15 días, debendo os interesados presentar no mesmo prazo unha instancia sinalando a oferta económica polo prazo que falte para completar a concesión ou prórroga no seu caso.

4.- Coa transmisión do posto deberán abonarse, no seu caso, a taxa correspondente.»

SEGUNDO. Someter dita modificacióna información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>

TERCEIRO. Facultar a Alcalde de Salceda de Caselas para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

Sr. González Rodríguez: este segundo punto sobre a modificación do regulamento do mercado municipal de abastos, trata de modificar o artigo 40 que se refire á transmisión intervivos cos efectos de flexibilizar o actual réxime de transmisións para aqueles supostos en que a mesma se realice entre persoas vinculadas por unha relación de parentesco ou entre persoas xurídicas cos límites que permite a lei para iso. Conta o mesmo tempo co informe de secretaría o cal ven dicindo que polo que respecta o contido da modificación resulta conforme o disposto nos artigos 92, 97 e 98 da lei de Patrimonio das Administracións Públicas, e o procedemento de modificación é o mesmo que mencionei no punto anterior, si é o caso que se leva a cabo a aprobación inicial plenaria, se publicaría no Boletín por un período de 30 días para que se presentasen as alegacións por quen o estimase e unha vez resoltas ou no caso que non houberse se publicaría novamente no Boletín entrando en vigor desde o día seguinte e no taboleiro de anuncios do concello.

Conta co informe favorable na comisión informativa. Nos apostamos pola praza de abastos para que sexa un mercado que teña movemento, que teña fluidez de xente e se plantexan casos de que queren traspasos e un pouco se facilita con este punto a transmisión inter vivos, para aquelas persoas que se vexan nesa situación.

Sr. Núñez Troncoso: Boas tardes, é curioso que o concelleiro de area, o portavoz do grupo Movemento Salceda diga que aposta pola praza de abastos cando se perdeu unha subvención da terceira fase e houbo que devolver parte da segunda, entón non sei onde está a aposta que di pola praza de abastos. Respecto a este punto aquí do que se trata é desenrolar o artigo 40 da ordenanza, en resúmen, o que ven é a favorecer o traspaso da concesión a persoas vinculadas ao concesionario por razóns de parentesco, afectividade ou cónxuxe. Nos xa na comisión informativa mostramos as nosas dúbidas sobre tal e como está redactado o punto tres deste artigo e polo tanto pois imos a manter a mesma posición que é a abstención.

Sra. Tourón Domínguez: a nos parécenos correcta a modificación do regulamento, ven un pouco a centrar mais o que viña nese artigo e incorpora a facilidade para traspasar entre familiares basicamente, creemos que é importante pois pode acontecer calquera cousa no transcurso da actividade e é lóxico que se fagan estas apreciacións e se complete, o noso voto vai a ser a favor.

Sra. Castiñeira Alen: responderlle ao Partido Popular e en concreto ao Sr. Núñez

Troncoso, que debeu ser el o que apostou no seu día na praza de abastos coas inversións e trato que recibiu a mesma, debemos ser nos os que nos debemos equivocar investindo mais de 400.000 euros na praza de abastos. Aclarar, a verdade non sei porqué xera este substantivo oferta tanta discrepancia, si realmente o punto tres desta modificación é exactamente o artigo 40 da ordenanza que tiñamos, eu non vexo maior complicación, a verdade non formo parte das comisións e non tiven oportunidade de explicalo pero sei que a secretaria o deixou claro que a oferta se refire pois precisamente ao que contemplan as bases, oferta económica polo prazo que falte por completar a concesión ou prorroga no seu caso, conforme as bases e nada mais.

Incidencia: Sendo as vinte horas e vinte e catro minutos incorpórase á sesión o Sr. González González.

Sr. Núñez Troncoso: quero recordarlle á señora responsable de comercio e da praza de abastos que quen investiu 400.000 euros foi a Xunta de Galicia, o concello aportou un 20%, é mais, direi que levaban 10 anos sen cobrar a concesión, 70.000 euros que se perderon de ingresar pola concesión ¿Iso é unha boa xestión e apostar pola praza de abastos?

VOTACIÓN: O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, por SETE VOTOS A FAVOR dos/as sres./as concelleiros/as dos Grupos Municipais de Movemento Salceda e do PSdeG-PSOE e e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación Regulamento do Mercado Municipal de Abastos coa redacción que a continuación se recolle:

«Artigo 40. Os adxudicatarios ou concesionarios poderán traspasar o posto conservando o mesmo destino previo outorgado pola Corporación nos seguintes supostos:

1.- Persoas físicas, só a favor das seguintes persoas:

- Parentes de ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- Cónxuxe.
- Persoas vinculadas por análoga relación de afectividade, que acrediten que conviven entre si, mediante informe emitido pola Policía Local, alómenos durante dous anos ininterrompido ao momento anterior a que soliciten a transmisión.

Deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto ou bancada, mediante escrito dirixido ó concello onde a persoa transmitente e a adquirente manifesten que teñen a intención de transmitilo e que acrediten algunha das circunstancias que xustifican a transmisión intervivos. Se o concello

autoriza a transmisión, dipoarán dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, entenderase que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmita a concesión. En tanto non se comuniquen que se formalizou a transmisión inter vivos, entenderase que o concesionario é o anterior á autorización municipal a todos os efectos. O que pretenda sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalize e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquire-lo posto.

2.- No caso de persoas xurídicas so se admite a transmisión nos casos de fusión, absorción ou escisión.

Deberán solicitar a autorización con carácter previo á fusión, absorción ou escisión, para a transmisión. Unha vez autorizada, dipoñen dun prazo de seis meses para formalizala e comunicala ao concello. De non acreditarse dita fusión, absorción ou escisión no devándito prazo entenderase non transmitida polo que o anterior concesionario seguirá sendo o titular, sempre que exista, se non entenderase extinguida sen dereito a indemnización. Se se necesitase un prazo maior para levar a cabo ditas actuacións mercantis deberá solicitarse e acreditarse debidamente, resolvendo o concello o que proceda. Dita solicitude deberá realizarse con carácter previo ao transcurso do prazo de seis meses.

3.- En caso de que non concurra ningún dos supostos establecidos nos apartados 1 e 2 do presente artigo, os adxudicatarios ou concesionarios poderán traspasar o posto conservando o mesmo destino previo outorgado pola Corporación e previo pago dos dereitos tributarios correspondentes, de acordo co seguinte procedemento: o interesado ou concesionario presentará instancia no Concello solicitando o traspaso e anunciarse no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Mercado polo prazo de 15 días, debendo os interesados presentar no mesmo prazo unha instancia sinalando a oferta económica polo prazo que falte para completar a concesión ou prórroga no seu caso.

4.- Coa transmisión do posto deberán abonarse, no seu caso, a taxa correspondente.»

SEGUNDO. Someter dita modificaciónna información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do

Concello <http://salcedadecaselas.es/>

TERCEIRO. Facultar a Alcalde de Salceda de Caselas para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

3. Dación de conta de decretos desde o nº 2018-0392 de 24 de abril ao 2018-0601 de 18 de xuño.

Dáse conta dos decretos nº 2018-0392 de 24 de abril ao 2018-0601 de 18 de xuño.

O Pleno queda enterado.

4. Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a situación da educación en Salceda de Caselas:

“O concello de Salceda de Caselas é un dos que mostra un maior dinamismo demográfico de Galicia. Isto fai que os servizos educativos sexan un dos elementos fundamentais para o desenvolvemento do noso municipio e haxa que presentarlle especial importancia á necesidade de incrementar as infraestruturas educativas.

Nos últimos anos fomos padecendo unha diminución na calidade do ensino, que provén fundamentalmente da redución de espazos para os nosos nenos e nenas. Isto plásmase perfectamente en dous exemplos claros:

- *Nos anos 80 Salceda de Caselas dispoñía de dous colexios de primaria, tívose que prescindir dun para dedicalo á ESO, quedando só o CEP Altamira. Polo que, entendemos que se debía estudar a posibilidade dun novo centro de primaria.*
- *O incremento do número de alumnas e alumnos supuxo a necesidade de incrementar as aulas, o que levou a que nos últimos anos no CEP Altamira prescindise de espazos vitais para a educación dos nosos fillos e fillas, eliminando aulas, como por exemplo a de psicomotricidade, música ou laboratorio.*

Ademais o CEP Altamira presenta outras moitas deficiencias entre as que se atopan:

- *A falta de patios cubertos que leva a que as alumnas e alumnos pasen semanas enteiras sen saír ó recreo por mor da choiva.*
- *Deficiencias graves nas instalacións eléctricas e de calefacción.*
- *Os baños necesitan unha total renovación.*

Por outra banda hai problemas graves na capacidade do comedor, que xa no actual curso 2017-2018 non puido acoller toda a demanda existente, problema que se intensificou na última semana coa recollida de solicitudes para o próximo curso escolar que se inicia en setembro.

En relación co ensino pos-obrigatorio, Salceda de Caselas non dispón para os nosos rapaces e rapazas de ningunha das modalidades de bacharelato nin ciclos de formación profesional, o que supón que non teñen a mesma igualdade de oportunidades que os que viven noutros concellos.

Non podemos esquecernos tampouco das escolas infantís, das que Salceda dispón dun só centro público, que tampouco cobre a demanda existente.

Ante esta grave situación, a Xunta de Galicia presenta unha proposta de ampliación para o CEP Altamira que o grupo socialista consideramos absolutamente insuficiente, que consiste en incrementar nunha planta o edificio de administración, o que supón só catro aulas máis. Para o comedor propuxo no mes de marzo de 2018 unha solución que consistía na instalacións duns contenedores provisionais ó inicio do curso 2018-2019. Proposta que queda en dúbida na resposta dada polo Secretario Xeral en sede parlamentaria ó grupo socialista, xa que na mesma, asegura que as prazas de comedor son suficientes e que polo tanto manterá o mesmo número de prazas.

Por último, o 7 de xuño o Secretario Xeral resposta ó grupo socialista na Comisión de Educación do Parlamento Galego sobre este tema, concluíndo que a ampliación é suficiente e que as prazas de comedor cobren a demanda actual, polo que, ante esta resposta,

O Grupo Municipal Socialista presenta esta moción para o seu debate e aprobación polo Pleno do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo completo das necesidades, deseñar e executar un Plan a Medio Prazo para a organización escolar de Salceda de Caselas que solucione de xeito integral a problemática existente.”

Sra. Tourón Domínguez: como todos sabemos anunciouse unha ampliación do CEP Altamira, que en principio pola información que temos, a información que da a Xunta de Galicia comezará en breve, a realidade é que o Grupo Socialistas entende que é unha ampliación totalmente insuficiente, tívose que prescindir de aulas que para nos

son fundamentais para a educación e o desenvolvemento dos nosos fillos para ir facendo cabida a demanda actual, a día de hoxe estamos vendo ademais que falta espazo, esta falta de espazo chega a todos, non so do centro de primaria o CEP Altamira se non tamén ao IES, que tamén para o ano que ven tiveron que facer unha pequena modificación dun aula para acoller os que van para alí. A Escola Infantil é totalmente insuficiente, hai unhas listas de agarda enormes, quero que tamén quede claro que en todo momento nos lle solicitamos á Xunta como organismo competente niso, nunca responsabilizamos para nada nin as Anpas nin a Dirección do Colexio, nin tampouco ao concello, a competente nesta materia pois é a Xunta de Galicia.

Para nos o que se está facendo coa educación en Salceda son parches, é ir apagando pequenos focos segundo van xurdindo, é verdade que tanto a Anpa que está xestionando o comedor como as directivas van facendo o que se pode dentro do que teñen, pero isto non é unha solución que responda a toda a problemática que temos na educación en Salceda, o problema non está en ir facendo todos eses parches, é que non temos un plan, a Xunta non ten un plan de que facer a partir de agora. O problema non é que nos dean só catro aulas cando desapareceron mais, non é que os nosos nenos pasen a comer en contedores, a cuestión é que iso que é en teoría provisional non temos un plan que diga hasta cando van estar os contedores. ¿Ata imos seguir facendo parches e poñendo catro aulas hoxe cando se necesiten máis? Levamos tres lexislaturas con estas reclamacións no parlamento.

Xa índonos a outra índole de problemas temos por exemplo que en invernos coma este houbo clases que non puideron saír o patio en semanas enteiras porque chovía e non teñen patios cubertos. O tema do frío foi un tema que pasa nalgunhas clases, foi un tema público que chegou ás familias por mor dalgunhas mestras e dos propios rapaces que non podían quitar a cazadora, etc... etc.... Temos uns baños os que os rapaces non lles gusta ir, seguro que si hai nais e pais aquí presentes pois saberán que moitas veces chegan a casa as dúas e media da tarde e hai que abrílle a porta do baño para entrar directo porque non queren utilizar os baños que hai no colexio.

Para nos está claro que é a Xunta a que ten que darnos a solución, queremos un plan integral que dea solución a todo o que acabamos de dicir.

En sede parlamentaria, mais ben na Comisión de Educación a través de preguntas nosas do Grupo Socialista alí o Secretario Xeral de Educación dicía que para el non existía ningún problema, que as demandas da Anpa xa estaban cubertas, haberá que contarllo as 18 familias que quedan fora do comedor, polo menos, polo momento, fala de 23 aulas, entendo que non coñece ben cal é a situación porque non hai solo 23 unidades utilizadas agora mesmo, hai mais, e o que nos responde basicamente é que inspección lle resulta suficiente o que nos están dando unha ampliación e con iso chega. Nos esperamos e pedimos que todos os Grupos se unan a esta petición, non pedimos nada mais que se estableza un plan de actuación integral que resolva todos estes problemas, que haxa unha liña a seguir, si ben e entendemos que a solución

para isto sería un colexio novo con todos os servizos, pero xa que iso non se nos proporciona e esa non é a opción, pois alo menos que haxa unha ampliación ou unha reforma integral ou unha solución total os problemas que estamos tendo. Creo que é un dos problemas mais graves que ten Salceda neste intre, é un problema que se leva arrastrando anos, e creo que de aquí debería saír un consenso e unha unidade para que a Xunta de Galicia teña claro que a situación non é a que contou o Conselleiro de Educación nesa comisión.

É necesario que nos unamos todos para reclamar algo que creo que vai a favor non só dos rapaces se non dos pais e de todos os veciños e veciñas.

Sra. Pérez González: Boa tarde a todos e a todas, a min me gustaría intervir antes da votación da urxencia. A verdade non sei moi ben por onde empezar, desde logo non será este Grupo nin esta concelleira sospeitosa de defender a política educativa da Xunta de Galicia, dito iso, fraco favor lle están facendo as membros do grupo socialista á educación en Salceda co que están facendo estes días, xa llo dixeron as directoras dos centros, xa llo dixeron as Anpas, fraco favor lle están facendo, e eu fixen un pequeno resumo de frases da súa moción, da súa nota de prensa e dun texto, vamos a chamarlle “cidadán” por chamarlle dalgún xeito, que vostedes apadriñaron e defenderon publicamente nas súas redes sociais, pequeno resumen porque, fraco favor lle facemos a educación en Salceda:

“Instalacións insuficientes e deficientes, diminución da calidade do ensino, no CEP Altamira prescínlese de espazos vitais, o CEP Altamira presenta moitas deficiencias, os alumnos pasan semanas enteiras sen saír o recreo, deficiencias graves nas instalacións eléctricas”

“Problemas graves no comedor, masificación de alumnos nas aulas, preocupados polo nivel educativo, a educación de Salceda ten moitas carencias, dividíronse aulas pola metade quedando os nenos hacinados, hai que entrar aos pupitres de medio lado, os nenos teñen que comer por quendas, os nenos teñen que dar paseos á intemperie desde o comedor ao ximnasio”, ¿A intemperie?, “no ámbito educativo en vez de avanzar retrocedemos, para cursar bachiller teñen que abonar o transporte”. Como en todos os lados, o bachiller non inclúe o transporte abonado pola Xunta de Galicia,

“Fracaso escolar dun 45%”. Barbaridade absoluta. Segundo os datos do último curso de 280 alumnos promocionan 244, xa me dirán vostedes de onde sae este 45%, de fracaso escolar, é unha barbaridade absoluta.

“Situación insostible” Defender que ter dous colexios é mellor que ter un, desde logo non se pasou de ter dous a ter un, houbo unha reorganización da educación e se ubicou infantil nun lado, primaria noutro e secundaria en outro, reorganización do sistema educativo, apoiar textos con este tipo de frases, onde as frases sexan “se

supone, nos han dicho, nos han comentado” e que as apoie un partido político, paréceme cando menos moi, moi grave. Que se deixe caer, que se diga que vamos para atrás en vez de para diante. Houbo unha ampliación do IES, hai unha ampliación do colexio de Altamira, hai unha cuberta da zona exterior do colexio desde o colexio ata o ximnasio, hai unha accesibilidade absoluta no colexio de Altamira, que non existía ata fai uns anos, hai un aula multi-sensorial, hai un comedor escolar que non había.

Paréceme unha barbaridade o que están facendo vostedes, así llo fixeron saber as directoras. Por certo, as reunións coas directoras deberían de poñelas vostedes antes de saír a mentir como fixeron e non despois, xa llo deixaron claro tamén elas, xa llo deixaron claro que agora non era o momento, dito isto, repito, que non seremos nos sospeitosos de defender a política educativa da Xunta de Galicia, nin seremos nos quen digamos que a educación en Salceda e que os centros escolares en Salceda non necesitan melloras, iso non vai a saír da nosa boca, é unha cuestión de responsabilidade, tal como nos pediron as directoras do centro, a vostedes tamén llo pediron pero decidiron facer o que quixeron, e como o que se vai a votar agora é a urxencia desta moción e estando absolutamente de acordo na solicitude dun estudio completo das necesidades en Salceda, a nosa proposta é retirar esta moción, non aprobar a urxencia e presentar un texto no que esteamos todos de acordo.

Nos non podemos apoiar un texto que siga denigrando ao ensino en Salceda como o están facendo vostedes, porque nos parece unha auténtica falta de responsabilidade, e de, íalle chamar oportunismo político pero me parece que nin iso. A verdade é que tomar unha posición e que se lle presenten en contra os tres equipos directivos e as tres Anpas, algo terá que significar. Esa é a nosa proposta, nos desde logo vamos a votar en contra da urxencia de esta moción pero si que fago o plantexamento de que nin sequera se vote e que de entre todos plantexemos un texto consensuado para instar á Xunta de Galicia a realizar un estudio completo das necesidades, deseñar e executar un Plan a medio prazo para a organización escolar de Salceda de Caselas que solucione de xeito integral a problemática existente.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por SETE VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda a urxencia.

Sra. Tourón Domínguez: eu vou responder dúas cousas, non vou ser eu aquí a que diga en pleno o que nos dixo a dirección, sobre todo porque nalgún caso nos puidemos reunir e noutros rexeitaron reunirse con nos ou polo menos non nos avisaron da reunión solicitada con tres meses de antelación, entón, cando non se nos atende e pedimos a reunión en marzo e facemos unha reunión informativa nos en xuño, para poder ter a versión tamén da dirección e poder consultar con eles e non se

nos atende, eu creo que dous meses e pico non é chegar con retraso a solicitar esa reunión, porque o fixemos dous meses e medio antes. En canto o que aquí pon, volto a dicir, non teño constancia en que ningunha Anpa nos trasladara ao Grupo Socialista nada en contra diso, a nos non, si volo trasladaron a vos, estaríamos aquí discutindo unha palabra con outra e non é o caso, desde logo a nos as Anpas non nos trasladaron nada, a dirección do Colexio Altamira non nos deu a reunión e non nos avisou para esa reunión a pesar de pedirla con dous meses de anticipación e dúas veces.

Eu creo que o problema mais grave é o CEP Altamira e foi con quen intentamos reunirnos, en canto ao que di a, non vamos a retirar o que di, porque eu ademais de voceira e de pertencer ao Grupo Socialista tamén son nai e sei o que vivimos nese colexio, eu sei que se pasaba frío nas aulas, sei que houbo profesores que solicitaron levar unha manta e estiveron varias semanas cunha manta os rapaces no cole, sei que houbo profesores que solicitaron enchufar un radiador e non podían porque se baixaban os automáticos de electricidade, ou de que estaban os rapaces enganchados a non sei o que dixo a Concelleira de Educación iso non saíu da miña boca en ningún momento, algo así dixo a. Hai unha deficiencia no sistema eléctrico porque se non poderías enchufar un radiador eléctrico sen que saltara, creo que o entendería calquera.

Repito, non dicimos absolutamente nada en contra das direccións dos centros escolares, nin das Anpas, nin do concello, loitamos por algo que consideramos xusto. A función de calquera Grupo Político que temos representación dos veciños e veciñas, entendo que é defender ás nais e aos pais, os rapaces e rapazas, non defender direccións. Podemos ir todos das man, eu son a primeira que digo desde aquí unámonos, de feito nunha acta de outubro de 2017 o señor Alcalde dicía *“nesta batalla son claves os veciños, os grupos políticos e as asociacións”*, non sei despois porque se envía unha mensaxe dicindo que eu, a portavoz socialista, apoia as asociacións e aos grupos de pais, pois si. Eu creo que vostede o fixo publicamente nunha acta, tamén pedía a colaboración dos veciños, dos partidos políticos e das asociacións.

En canto a alarmar no tema do fracaso escolar, hai unha nota de prensa de marzo de 2015, onde a concelleira di que tiñan que facer técnicas de estudo para combater o fracaso escolar, *“a iniciativa prestase en constante comunicación co IES Pedras Rubias de Salceda que alerta do enorme índice de fracaso escolar existente na actualidade, un 40% do alumnado da ESO non finaliza os estudos, ou si os finaliza non continua cos estudos superiores,”* isto o dixo Teresa Pérez, Concelleira de Ensino nunha nota publicada o 13 de marzo de 2015 na paxina do concello e en diferentes medios de prensa. Dixo que *“os datos do fracaso escolar son realmente preocupantes e moitas veces veñen dados pola falta de motivación”*. No pleno de 27 de abril de 2016 a unha pregunta do noso grupo, que preguntaba: *“¿ten coñecemento do índice de alumnos da ESO que non se titulan no Instituto de Pedras Rubias? ¿teñen pensado algunha*

colaboración para paliar esta situación?” A Señora Pérez González, respostou que *“a última vez que coñeceu este dato estaba entornado o 50% si ben non é un problema do Instituto de Pedras Rubias de Salceda porque a media está nesa porcentaxe”* O que aquí se recolle non o quitamos nin o Grupo Socialista nin foron ocorrencias nin nada. Eu co IES de Pedras Rubias reuníme varias veces nesta lexislatura, a primeira, para que ninguén crea que é oportunismo político, foi en setembro de 2015, acababan de pasar tres meses desde as eleccións e levaba eu menos de tres meses de concelleira no Concello de Salceda,

Non vamos a retirar a moción, non nos cerramos a outras propostas que haxa no futuro a maiores e que nos unamos por suposto, sigo pensando que isto é un tema de todos e de ir unidos, sempre nos unimos, de feito fixémoslo no pleno de outubro cando se trouxo unha moción que falaba dunha ampliación na planta de arriba do edificio principal, o que suporía espazo suficiente as aulas que nos quitaron, porque serían oito aulas en vez de catro, iso é o que pedía o concello e o equipo directivo. Naquel momento todo o mundo pedía o mesmo e agora dannos a metade e todo o mundo está de acordo. Eu creo que temos que ser serios, tratase de educación, creo que o que pedimos poden dar as voltas que queira eu creo que non degradamos o estudio en Salceda, a única vez que puiden reunirme informalmente foi antes de todo isto polo tema de frío coa dirección do colexio, o que lle dixen foi claro, que nos en ningún momento xulgamos o seu traballo, pero que estamos pedindo o que creo que é xusto para Salceda e os datos que hai aquí son os que son, non é ningún dato mentira.

Por certo, si que se paga autobús en moitos concellos, pero ao noso Grupo en Sede Parlamentaria o Secretario Xeral de Educación en algún momento se lle dixo que en outros sitios si se fai, en Lugo e Ourense hai concellos onde a Xunta si lle paga o transporte escolar a Bacharelato porque non o hai nos seus centros. Salceda non está quedando ben co tema este e a Xunta de Galicia non está tratando a Salceda como se merece, porque os nosos fillos non están na mesma calidade que outros concellos limítrofes. Si o nosos fillos teñen que pagar o transporte ata bacharelato, e despois lle dan unha beca é a final de curso e esas familias estano pasando mal, cando en Tui sen necesidade de ese transporte por poñer un exemplo, están indo sen ter ese problema.

Por todo isto pido consenso, pido que vaíamos xuntos, non estamos pedindo nada descomunal, nada custoso, pido que deixen de vir parches para Salceda, creo que non se minte absolutamente nos datos que poñemos aí. Que conste en acta que a pesar do que se intenta dicir desde algúns sectores ou desde outros Grupos, o Partido Socialista non ten nada en contra das Anpas, nin dos Equipos Directivos. Fixemos o que creemos que deberíamos facer, loitamos por algo que levamos facendo anos, que non no lo quitamos da chistera agora coa ampliación e creemos que é xusto pelexar por algo que vale a pena que é a educación.

Sr. Rodríguez Davila: Bueno a verdade é que despois de escoitar esta argumentación, hai dous camiños ou sumar ou rebater politicamente, como cambia o discurso, como cambian as formas, de fai pouco tempo a agora, pero o noso grupo lle gusta mais a coherencia e votamos a favor do debate da moción, por iso a apoiamos, pero o que vostedes presentan aquí ¿quen non está de acordo? Claro que o presentan dun xeito educado, de un xeito guay, vimos aquí en plan guay, nos poñemos de perfil cando nos interesa, de outra maneira cando non nos interesa, en fin. Fai uns meses non había nada, agora xa non chega, fai uns anos alguén levaba o departamento de educación no concello de Salceda, agora xa non se acordan. Non queremos entrar nun debate absurdo, aquí o importante é mirar cara adiante e non cara atrás, pero a coherencia en política é importante e aínda intentando ser coherentes as veces nos equivocamos, pero creo que esaxerar e facer unha demagogía excesiva, non é o camiño. Creo que intentar exceder na dialéctica verbal as veces conduce a esaxerar feitos ou realidades que veñen acontecendo nos últimos anos e dicir que non se fixo nada desde diferentes administracións incluído desde o concello.

Está moi ben pedir un colexio novo, pero cando a administración que ten que poñer os terreos a disposición non o fai, pois loxicamente non se lle pode esixir a outros que o fagan. Podemos facer manifestacións, concentracións, podemos facer reivindicacións, que me parece moi ben, pero a realidade é que si non hai onde edificar non se pode esixir.

O da ampliación, podemos estar de acordo en que é insuficiente, eu creo que ao final os profesionais que é quen fan os estudos e os técnicos son quen valoran, a valoración final non é unha decisión política, é un estudo dos técnicos que avalan a ampliación, polo tanto eu non me vou a meter aí, eu non sei si é suficiente ou é insuficiente, eu o que sei é os informes e os estudos que hai da Inspección Educativa o respecto. O que non podemos é elevar o número de capacidade do recinto si non hai espazo suficiente, polo tanto ten que ir todo en proporción, porque iso significaría reducir os espazos a compartir entre os alumnos.

Está moi ben pedir, nos estamos de acordo, e esixir non ser de segunda, nos estamos de acordo. Ao longo dos últimos anos os diferentes grupos aquí representados trouxemos diferentes iniciativas e todos as apoiamos, uns plantexamos rogos, presentamos mocións, o goberno fai uns meses presentou unha moción, é importante ler o que se dixo naquel pleno, todos apoiamos esa reivindicación, porque se dicía que non había unha partida concreta para ampliación do CEP Altamira, e cada un manifestou o que considerou, e aquí está parte de esa acta. Uns dubidaban en que ía haber ampliación, uns dixemos o que dixemos, e ao final estamos en xullo do ano 2018 e en vías de empezar a ampliación do CEP Altamira. A uns parécelle insuficiente e a outros parécenos o que decidiu os informes de Inspección Educativa.

Estando de acordo co plantexamento que se trae a moción, sobre todo, co importante que é a parte resolutiva, que é o que imos a votar, non temos ningún problema en

apoiala, faltaría mais, pero iso non é de agora, iso é de hai moitos anos, a responsabilidade de todos, dos que ostentaron o goberno nos últimos anos, dos anteriores, pero a evolución da poboación incrementouse nos últimos quince, doce anos, entón as necesidades son diferentes, pero insisto, cada administración e cada goberno ten as súas competencias e ten as súas obrigas, non se lle pode esixir aos demais, cando os que teñen certas competencias non poñen a disposición o que hai que por. Si fai dez anos, ou fai cinco ou fai un ano houbera habido uns terreos idóneos igual lle poderíamos esixir outra cousa a administración, que non digo que se fora a facer a semana seguinte de poñer os terreos a disposición da administración pero si estaríamos en situación de esixirlle o que todos temos en mente. Outra cousa sería a viabilidade ou a proximidade doutros colexios a menos de dez minutos da nosa localidade, que ese sería outro debate.

En todo caso, nos estamos de acordo co que se pide nesta moción e non vai encontrar no Partido Popular enfrontamento ao respecto da educación, o que si hai que ter coidado co que se di e co que se escribe, porque meses despois pode vir en contra dun. Sendo coherente aínda así nos equivocamos, canto mais si disparamos en todas as direccións, por iso digo, que a veces as balas rebotan e lle rebotan e véñenlle de volta os que din e disparan en todas as direccións, de momento nada mais.

Sra Pérez González: xa dixen basicamente todo o que tiña que dicir, solo un par de matizacións, creo que deixei suficientemente claro que estamos de acordo co que se pide nesta moción, creo que levamos deixado claro desde que a Xunta presentou o seu proceso de ampliación do CEP Altamira, e si non quedou suficientemente claro, volvo a facelo neste pleno, que non nos parece suficiente, e que había opcións bastante mais avariciosas e posibles ademais, non nos parece suficiente a ampliación do Altamira, dixémolo sempre e o seguiremos dicindo. Non podo consentir que o portavoz do PP diga que non hai terreos, porque a última comunicación entre este concello e a Xunta de Galicia, cando se falou de terreos, a última comunicación, falo dun proceso onde houbo moitas entradas e saídas, falo entre Concello-Xunta e Xunta-Concello, a última é unha comunicación desde o concello á Xunta de Galicia dicíndolle: señores, elixan vostedes cal é a zona que prefiren e lla poñemos a súa disposición. Nun abanico amplo de terreo na zona por onde está o depósito de augas, plantexándolle un plano e dicíndolle señores, elixan vostedes os terreos para un novo colexio e nós nos poñemos a tramitar a consecución deses terreos. Non tiven resposta, co cal non podo consentir que digan que non hai terreos, porque a última comunicación foi esa e non houbo resposta.

Tema abandono escolar, fracaso escolar e demais, certo que moitas veces temos que ter coidado ca terminoloxía, non vou dicir eu o contrario, é certo que case a metade de nenos e nenas que empezan os seus estudos no IES Pedras Rubias, que é o que nos ocupa neste momento, non rematan os seus estudos no IES Pedras Rubias, de aí ese corenta e pico, cincuenta por cento. É certo que temos que ter coidado coas palabras porque evidentemente que empecen no IES e non rematen alí non quere dicir que

sexa fracaso escolar. Eu a primeira, temos que ter coidado, pero o índice de fracaso escolar non é ese nin se lle parece, é bastante mais baixo. Que os nenos deixen de estudar nun centro por diferentes motivos e que se vaian a facer outro tipo de iniciativas non se pode considerar fracaso, en todo caso, os datos que se traen a este pleno son os que facilitan en cada momento os centros educativos, como debería ser en todas e cada unha das reunións que se fan ao público e non está sendo así, e os datos que se traen son os que facilitan desde os centros en cada un dos momentos. Quero aclarar, en todo caso, que de aí a dobre interpretación das cifras, non hai un fracaso escolar, si un abandono de estudos no IES, non un fracaso escolar porque non quere dicir que os nenos e nenas non fagan outras opcións, outras alternativas e polo tanto non debemos falar desas cifras.

Xa llo dixo o portavoz do PP, pero e que se lle esqueceu moi rápido os catro anos levando Educación, se lle esqueceron demasiado rápido. Non vou falar hoxe da galescola por que non está dentro do Sistema Educativo, está dentro de Benestar, entón vou deixalo aparte, tamén se lle esqueceron os catro anos que estiveron xestionando este edificio, axeitadamente ou non pero a día de hoxe non pertencen ao Sistema Educativo, creo que non debería entrar a galescola neste debate, xa que pertence a Benestar.

Sra. Tourón Domínguez: Non se nos esqueceron os catro anos que a compañeira Marina Cabaleiro levou educación, de feito acábanolo de recordar que tamén que naquela data foi cando se puxeron a disposición os terreos á Xunta de Galicia, acaba de recordárnolo a Concelleira de Educación de agora, foi naquela data e tamén llo contesto ao portavoz do Partido Popular, que si que se fixo, si que se puxeron a disposición os terreos, é verdade que tecnicamente non cumprían as especificacións e había que cerrar o tema, pero si se falou do novo colexio e de poñer os terreos a disposición, tamén daquela se fixo un cambio de vendas, tellado, pintando etc...etc...

Agradezo a disposición do Partido Popular en apoiar isto, é verdade que desde que se levou educación por parte do Partido Socialista, daquela seguramente quedaron moitas cousas sen facer e seguramente houbo moitos erros dos meus compañeiros daquela época, pero si se fixo a aula matinal, o comedor, se renovou o colexio, etc...creo que é mellor debatelo aquí e non nunha mensaxe de texto descualificando a ninguén. Eu si que non comparto o contido de ese whatsapp, lle pode parecer ben, lle pode parecer mal o que fai o Partido Socialista, pero é verdade que nos todo o que facemos fora o traemos aquí ao pleno, non temos ningún problema, non descualificamos a ninguén non como fan outros. Creo que é unha causa xusta polo que nos deberíamos unir todos.

Os datos exactamente do fracaso escolar déunos a dirección do IES e non me importa que quede en Acta por que é tal cal . Creo que xa está ben de descualificar á xente, creo que é unha causa xusta.

Fai uns meses estabamos todos unidos nunha moción que reclamabamos unha ampliación encima do edificio principal no que como mínimo ía o dobre de aulas que nos dan agora, resulta que agora nos dan catro e hai que conformarse, non podemos dicir nada e descualificar, non sei ben a quen, porque volvo repetir, o equipo directivo e as mestras e mentres fan todo o que poden co que teñen. Non sei a que ven a cuestión de dicir que fixemos mal en facer unha reunión explicativa, dando os datos do que era, porque aínda ninguén foi capaz de dicirme que era mentira, mais que o fracaso escolar que xa está noutra acta que estaba neses porcentaxes. O que acaba de facer a Concelleira de Educación foi darlle betún aos datos, darlle a volta, quitámoslle isto por aquí, quitamos o outro por alí. En resumo, os datos están aí, creo que non teño moito mais que dicir, si está ben apoiar, agradezo por suposto o apoio, e si non está ben nos non a imos a retirar e imos a apoiar calquera que posteriormente chegue aquí e sexa sensata e que pida melloras para a educación de Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Ben, simplemente dicir señora Concelleira, que o último comunicado que hai do concello á Xunta é do ano 2010, xa di moito do goberno de Salceda, cando un goberno non ten prioridade a insistir a outra administración para conseguir un obxectivo, non digo nada mais. Unha cousa é poñelos a disposición e outra é polos, o Centro Médico é o caso mais clarificador, unha cousa é aprobar en pleno a cesión e outra é cedela, vostede pode ter a intención de comprar un coche e outra é compralo, e desde que un ten a decisión de ceder unha parcela ata que lla aceptan en documento público ante notario pasaron moitos anos. Que vostedes recoñezan en pleno que o último escrito do concello a xunta é do 2010 xa o di todo, pero inclúo o goberno ata o ano 2015 e do goberno do ano 2015 o ano 2018.

O triste é que os políticos nos tiramos os trastos á cabeza nun tema tan importante, e que cada un de nos queremos facer os nosos pinitos e colgarnos as nosas medallas, e que o longo dos anos se traen diferentes mocións e diferentes acordos para ver si se suman ou non os outros grupos políticos. Desde que é alcalde tan só fixemos xuntas de portavoces por tristes sucesos do noso concello, e cando son temas reivindicativos que todos estamos de acordo como son a sanidade e a educación, deberíamos ir da man e ninguén ía a votar en contra, e facendo autocrítica e incluíndonos a nos mesmos e a todos por suposto. O de ir por libre non nos vai ben, primeiro aos veciños que representamos e en segundo lugar a nos mesmos, polo tanto, independentemente como dixen o principio da necesidade desta moción, o importante é o fondo da mesma e o que se vai a acordar en pleno, é o punto resolutivo que é instarlle á Administración Autonómica ese estudo a curto prazo respecto da educación do noso concello, ¿Quen non vai estar da cordo con iso? Salvo aqueles que non o queren ver, independentemente que o argumento que o goberno deu non o comparto absolutamente, pero algo de razón en algunhas cousas ten, mentres outros concellos conseguen obxectivos, nós imos ranqueando polo mundo adiante. O noso apoio a moción.

Sra Pérez González: So aclarar sobre a última comunicación respecto a posta a

disposición de terreos en 2010, non vamos a ocultar que este goberno sempre apostou pola ampliación, non vamos a dicir nos o contrario, desde logo desde o 2010 ata o 2018 escritos relativos a ampliacións propostas de ampliación, incluso propostas feita polos nosos técnicos municipais, hai para dar e tomar. Hai numerosos escritos, no último efectivamente de 2010, dixémoslles, "señores escollan" aí se quedou ata hoxe, repito, ¿Apostamos pola ampliación?, Si; ¿Parécenos suficiente a ampliación? Non; ¿Parécenos que había opcións bastante mellores? Si e seguiremos loitando por elas.

Sr. Rodríguez Davila: non comparto os datos oficiais do fracaso escolar no IES, están en torno a un 10%, datos 2016/2017, matriculados 280 alumnos, promocionaron 244, dos cales 8 pasaron por obrigado que rescindiran o curso, a porcentaxe final do curso 2016/2017 da porcentaxe no IES é do 92,20%, eses son os datos oficiais.

Sr. Alcalde: como o que estamos hoxe debatendo aquí vai a quedar en acta e se estudiará e se lerá no futuro, vou a dar varias matizacións e apreciacións. Primeiro o Partido Socialista por delegación miña tivo as competencias de Educación e Benestar Social, houbo moito tempo para consensos, cando se fala de que se lle presento unha proposta na delegación ao novo goberno, neste caso a César Estévez Ares, que sigue sendo o Delegado e aos seus técnicos, foi en marzo ou abril do 2010, se lle plantexou unha proposta de terreos para desenvolver, seguimos esperando resposta, basicamente era un farol como todos sabemos. Cando o Goberno bipartito as competencias de Educación as levaba o PSOE ata o 25 de abril de 2009, e Cristóbal que era o Delegado de Educación, un bo delegado de educación por certo, tan bo que foi bastante sincero e o PSOE o sabe perfectamente.

En Salceda hai un CEP, neste caso un colexio do ano 1974 da EXB e nas parroquias lindantes dos concellos veciños hai tres colexios, que por certo están semi-baleiros xa daquela e está ben que o saiba todo o mundo, xa daquela a alternativa que se plantexaba desde Compostela, por certo, o mesmo que está dicindo o goberno do Partido Popular, é que en caso de ter que facer unha redistribución de alumnos, desde a perspectiva da Consellería de Educación, tendo o Colexio de Caldelas con 115/120 alumnos semi- baleiro, tendo o Colexio de Alxén con 115/120 semi- baleiro e tendo o colexio de Cruz Budiño semi- baleiro, era que non ía a haber ningún colexio en Salceda, e estas palabras textuais foron do Delegado de Educación do Partido Socialista bipartito, tema que por certo segue coincidindo ca opinión da actual Consellaría de Educación. Isto xa o comentamos as Anpas, xa se falou ca Dirección e xa o sabe perfectamente o Partido Socialista aquí presente, porque estivo oito anos no goberno e o escoitou igual ca min, non vai a haber novo colexio, porque a alternativa que plantexa Educación vai ser que hai que redistribuír aos alumnos das parroquias, porque non se vai a facer un novo colexio nos terreos que nos ofrecemos nalgunha parroquia cando tes un colexio a tres ou catro minutos dese emprazamento. Polo tanto seriedade e responsabilidade, dito isto tamén o sabe perfectamente o Partido Socialista e o sabe perfectamente o daquela Delegado Socialista e hoxe o

Delegado do PP, nos o que plantexamos sempre e o Partido Socialista estaba goberno, foi a ampliación do colexio de Altamira. Xa na época goberno bipartito 2008/2009 se plantexou a alternativa da ampliación. Esa alternativa era de máximos, que era basicamente coller a actual edificio administrativo mais o patio que está a súa beira, tendo en conta que se pode facer un soto, un baixo e cos edificios colindantes polo tema urbanístico, incluso tres plantas, hai catro mil metros cadrados posibles de ampliación. Posteriormente buscáronse alternativas que se plantexaron sempre en coordinación coa dirección, que pasaron pola ampliación dun piso mais no actual edificio educativo, incluso propostas mais sinxelas que era as pezas do propio edificio pechadas gañando catro aulas. Se seguiu reivindicando ata un máximo de catro mil metros cadrados no actual edificio, ese plantexamento estivo enriba da mesa e se trasladou á dirección, se pactou coa dirección e se foi ano a ano negociando coa dirección, coa inspección, os inspectores estiveron todos aquí no concello. Houbo unha xuntanza e o Sr. Rodríguez Davila estaba presente, ademais, cando foi con Cesar, xa fai anos e se volveu a plantexar, a decisión que se adoptou foi digamos a mais sinxela, simple e barata.

Levamos desde o ano 2007 reclamando a ampliación do colexio de Altamira, sabendo e sexamos sinceros, digamos a verdade, que non vai a haber unha alternativa dun novo colexio, polo menos en algo sexamos sinceros e o sabe perfectamente o Partido Popular e o Partido Socialista e o sei eu O risco que hai e xa o advertín é que efectivamente desde Compostela se tome a decisión, poño por caso que os alumnos de Soutelo vaian para Caldelas, que os alumnos de Budiño vaia para San Salvador e os da Esfarrapada se queden no CEP Altamira, eu desde logo non aposto por esa solución, pero que saiban que ese risco existe, existe desde hai moitos, moitos anos.

Dito isto, o espazo do CEP Altamira é o mesmo espazo no que estivemos 900 persoas, nos anos oitenta. Por certo, hai pistas polideportivas que se lle propuxo a Educación, do colexio de Altamira, ceder para uso educativo, de feito se pactou coa dirección do centro o uso en horario escolar, aínda sendo espazo municipal, e reitero nos anos oitenta estivemos 900, e si se me permite, mais ou menos saímos todos a diante, é certo que os tempos cambiaron. E remato, tampouco é certo que haxa dúas alas porque hoxe en día grazas a este goberno no que participou o PSOE, existen catro sistemas. Acaba de explicalo a concelleira, porque naquel momento non había unha galescola pública e neste momento temos unha galescola, temos o CEP Altamira, temos o IES de Pedras Rubias e as escolas unitarias que tamén seguen a facer as súas funcións nas parroquias.

Sexamos serios e responsables porque estivemos neste goberno durante oito anos, e en base ao consenso, que me digas que primeiro fas unha xuntanza despois te reúnes con dúas das tres direccións do centro, que tiñas opcións de facer unha xunta de portavoces falando comigo, que veñas con unha moción sen falalo en consenso...Eu collo o guante, que é o que se plantexa o Sr. Rodríguez Davila, xuntémonos nunha xunta de portavoces, fálémolo seriamente, iso é o que se está plantexando nesta

proposta que fai a Sra. Pérez González, pero partamos de bases reais, realistas, serias e responsables e aí vamos a estar sempre de acordo. Hai que partir de bases serias, que é o que se está discutindo porque a min gustaríame que se rebateran nesa xuntanza de portavoces algúns dos puntos do que estou dicindo hoxe aquí, porque eu si que podo documentalalo, falar literatura e un relato que ten pouco que ver ten coa realidade, excepto en que estamos de acordo que evidentemente hai que avanzar nun plano cara o futuro pero con documentos enriba da mesa, e asumindo que o Partido Socialista estivo oito anos no Goberno de Salceda. O Partido Socialista estivo na Consellería de Educación durante moitos anos, os do bipartito.

Eu son o primeiro en non estar de acordo nin co proxecto de ampliación, que repito me parece un proxecto de ampliación de mínimos, agora coidado co discurso que se está trasladando porque se lle está faltando ao respecto aos profesionais do ensino e a moita xente. Sra. Tourón Domínguez, agora estou falando eu, sexa un pouco respetuosa por favor, sé un pouquiño respetuosa porque eu respecteí a túa quenda de palabra, xa sei que non che gusta o que estou dicindo, pero ten un pouco de educación polo menos. Reitero, consensos os que sexan pero consenso cas cartas enriba da mesa e non cun relato que non responde á realidade. Gustaría-me que me rebateras, non neste momento porque non é o momento evidentemente, a posición de cada quen está clara, pero gustaríame que me rebateras todos e cada un dos datos que estou dando eu, por certo con datos e con documentación, non de palabra, que as palabras lévaas o vento, e tamén pido como Alcalde de Salceda, aínda que creo que evidentemente todo é mellorable e o ensino de Salceda é mellorable, ata onde o concello ten competencias, que como sabedes son mínimas, todo é mellorable pero o que non se pode é deixar polo chan e dar a sensación e xerar unha falsa imaxe que o sistema educativo de Salceda, que a ratio de persoas neste concello que acaban en estudos universitarios, que todos estivemos no Colexio Altamira nos anos oitenta, pouco menos que aquí estase a dar unha imaxe terceiromundista do ensino.

Négome a comprar ese discurso, porque é falso e reitero que se lle está faltando ao respecto de maneira clara aos profesionais do ensino que fan unha importante labor. Seguramente que como todo é mellorable pero o que non podemos é estar dando unha imaxe no país de que pouco menos que aquí hai un sistema educativo terceiromundista porque é falso.

Sra, Tourón Domínguez: en ningún momento lle faltamos ao respecto nin a mestres, nin a equipos directivos, nin a direccións de Anpas, nin a nada, nin ao concello. Non sei porque se sinte vostede tan aludido o que o Señor Alcalde non sabe é que non todo xira arredor del e nesa reunión non se mencionou para nada nin ao Señor Alcalde, nin ao Concello. Non sei para que tanto afán de protagonismo e tanto pensar que o Partido Socialista estivo votando cando menos pestes en contra deles, porque non mencionamos ao concello, nin ao señor alcalde para nada, non todo xira arredor de vostede. En canto ao persoal, mestres, equipos directivos, administrativos e demais, para nada a nosa falta de respecto con eles, co que teñen bastante fan e creo

que ademais fan un traballo excepcional. Eu teño aos nenos nese colexio co cal podo dicilo con coñecemento de causa, e non digo nada mais, xa está debatido,

Sr. Alcalde: hai membros do goberno que tamén teñen nenos alí, pasamos entón a votación desta moción.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba por SETE VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda, adoptando o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo completo das necesidades, deseñar e executar un Plan a Medio Prazo para a organización escolar de Salceda de Caselas que solucione de xeito integral a problemática existente.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Davila: alcalde queríamos saber dunha moción que presentaron os traballadores.

Sr. Alcalde: estamos no seguinte punto, o rogo Sra. Tourón Domínguez.

Sra. Tourón Domínguez: si é un rogo, pero estamos no seguinte punto, ¿Quere dicir que vai a pasar esa moción por alto? A que presentaron os traballadores?

Sr. Alcalde: a moción ten que defendela algún grupo, os traballadores non presentan mocións no pleno, ata onde eu sei, ou non sabemos como funciona, estamos no punto de rogos e saben perfectamente porque ademais hai un informe de secretaría que esa moción non procede porque este pleno non é o órgano para tomar esa decisión, xa o advertimos na comisión, estamos no punto de rogos.

Sr. Rodríguez Davila: quería intervir.

Sr. Alcalde: intervés despois do rogo, estamos no seguinte punto.

Sr. Rodríguez Davila: ¿E por qué estamos no seguinte punto?

Sr. Alcalde: porque eu son o que dirixo o pleno Sr. Rodríguez Davila.

Sr. Rodríguez Davila: pero eu como portavoz do grupo municipal do Partido Popular plantexei e apoio a compañeira do Partido Socialista, que os traballadores presentaban por rexistro unha moción e nos solicitamos que se incluía na orde do día de este pleno esa moción, vostede dixo que non había os informes pertinentes e eu lle insistín se ían a estar eses informes para o pleno, hai o informe de secretaría, polo tanto eu o que pido é que se someta a votación a urxencia desta moción para debate no pleno, logo cada grupo que faga o que considere oportuno, eu lle pido amparándome unha vez mais no Regulamento e de organización das Entidades Locais, tal como levamos dito nos últimos plenos, ter que insistir respecto da obrigatoriedade de someter a votación.

Sr. Alcalde: Os grupos de PP e PSOE e os sindicatos xa teñen o informe de que non procede ese debate, por si non quedou claro leo o informe da secretaria núm. 2018-006:

“De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de 16.06.2018, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. Os trienios configúranse como unha retribución de carácter básico do funcionario, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo, por cada tres anos de servizo.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte,

- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- A Lei 70/1978, de 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración Pública e Real Decreto 1461/1982, de 25 de xuño, polo que se ditan normas de aplicación da Lei 70/1978, de 26 de decembro de recoñecemento de servizos previos na Administración pública.
- O artigo 155 Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril.
- O artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

TERCEIRO. Cando nos referimos ás retribucións do persoal laboral, hai que remitirse ao artigo 27 do TREBEP, que dispón que ditas retribucións «determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 do presente Estatuto».

Pola súa banda a lexislación laboral, no artigo 25 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, posibilitase aos traballadores a que se lles recoñeza o dereito á promoción económica en función do traballo desenvolvido, precepto no que ten encaixe o plus de antigüidade na empresa. Pero que do mesmo xeito que ocorre con outros pluses salariais, **non existe norma algunha que fixe a súa contía ou período de deveño** (anos, bienios, trienios, quinquenios, etc.), se non que, como di o artigo, debe estarse ao que estableza o convenio colectivo que lle sexa de aplicación ou ao pactado no contrato individual.

É dicir, a diferenza dos trienios dos funcionarios, que como retribución básica é obrigatoria e a súa contía vén establecida na Lexislación, o dereito á antigüidade na contratación laboral non é de configuración Legal, pois o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores soamente recoñece a posibilidade («poderán ter dereito»), o que obriga a estar para a súa efectividade ao que dispoña o convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, o contrato individual, polo que a eles deberá estarse para decidir a cuestión e a periodicidade dos mesmos.

O Concello de Salceda de Caselas non dispón de convenio colectivo que regule o dereito á antigüidade do persoal laboral e tampouco se regula tal extremo nos contratos individuais dos traballadores.

CUARTO. Cabe facer referencia ao feito de que constan no concello diversas sentencias polas que se denega o dereito á percepción de trienios polos traballadores laborais, entre outras, cabe citar a sentenza do Xulgado do Social núm. 5 de Vigo núm. 581/2015, confirmada pola sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia RSU recurso de suplicación 290/2016, que literalmente di:

“Resta por dilucidar si el actor es tributario de tal complemento salarial, cuando es pacífico o no ha sido rebatido por aquél, que ningún empleado laboral del Concello, sea fijo, indefinido o temporal, es receptor de tal gratificación por antigüedad en contraposición con el personal funcionario.

El demandante considera que ese régimen desigual entraña un claro agravio retributivo que contraría la Directiva 1999/70/ce del Consejo, de 28 de junio de 1999 (...)

Descartado que el personal laboral del Concello sea receptor de ese haber por

trienios, circunscribiéndose su ámbito subjetivo al personal funcional, en cuanto a la equiparación retributiva preconizada por la parte actora con este último cuerpo sin duda la pretensión actora está abocada al fracaso pues no resulta atinada la mención a la Directiva entre el personal fijo y el temporal o interino, situación que no acontece en la política retributiva del Concello demandado, el cual no hace distinciones en atención a criterios o factores de fijeza o temporalidad sino a colectivos cuyas situaciones jurídicas obedecen a características y parámetros distintos sin que quepa acudir a la vía analógica para reconocer el derecho al complemento por trienios del que son tributarios los funcionarios en observancia del artículo 23 de la LEBEP, y ello por cuanto los criterios retributivos del personal laboral se determinan de conformidad con la legislación laboral, el convenio colectivo que sea aplicable y el contrato de trabajo, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 21 del presente Estatuto (artículo 27 de la LEBEP)

QUINTO. O procedemento a seguir para o recoñecemento do dereito á antigüidade dos traballadores laborais será o seguinte.

A. Levada a cabo a negociación colectiva do Convenio aplicable ao persoal laboral municipal e chegado a un acordo sobre o texto do citado Convenio, entre os representantes dos traballadores e do Concello, procedería a súa aprobación polo Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Aprobado polo Pleno e asinado o Convenio Colectivo polas partes, a Comisión Negociadora constituída para a negociación do mesmo debe presentalo ante a Autoridade laboral competente, aos efectos do seu rexistro, dentro do prazo de quince días desde a súa firma. Así mesmo, no prazo máximo de vinte días desde a presentación do Convenio no Rexistro, disporase pola Autoridade laboral a súa publicación obrigatoria no Boletín Oficial da Provincia.

B. Unha vez entre en vigor o convenio colectivo, pola Alcaldía de conformidade co disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (xefatura de todo o persoal do Concello), resolverase sobre o recoñecemento e abono dos correspondentes trienios, que deberán ser solicitados a instancia de parte e previa comprobación de que se cumpren por parte de cada traballador os requisitos que permiten a súa percepción.

CONCLUSIÓN:

De conformidade co exposto no presente informe o recoñecemento mediante moción plenaria do dereito ao abono dun complemento por antigüidade a todos os traballadores laborais indefinidos ou temporais do concello resultaría contrario á legalidade por prescindirse total e absolutamente do procedemento legalmente

establecido, o cal sería determinante de nulidade de pleno dereito conforme dispón o artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Sr. Alcalde: Como dicía, o pleno non é competente para tomar esa decisión, todos sabemos que a competencia se marca dentro da relación laboral e dentro dos convenios colectivos e tamén da relación de postos de traballo e polo tanto e por esa razón e en base o informe de secretaría e que este pleno non ten esa competencia, non se incluíu na orde do día e por suposto non se vai a someter a ningún tipo de votación, porque repito non é este o foro de aprobación, o saben perfectamente os sindicatos, o saben perfectamente os representantes dos traballadores e o saben tamén perfectamente os partidos políticos aquí representados, estas decisións non se toman nun pleno e por esa razón non se somete a votación.

Sra. Tourón Domínguez: Eu quero dúas cousas, primeiro preguntarlle a Secretaria si a podemos levar o resto dos grupos políticos, se podemos facer a moción nosa e debatela, de igual modo e segundo no caso de non ser posible iso, como rogo solicítolle ao alcalde que lle dea palabra aos traballadores, xa que lla deu por exemplo non hai moito aos traballadores de Maderas Iglesias. Sempre dicimos que esta é a casa de todos e empezou o discurso dicindo que esta é a casa de todos, igual que deixou falar a outras asociacións e a outros colectivos, pois agradecería que lle deixase falar aos traballadores, que presenten a moción e poder collela os partidos da oposición como nosa e poder debatela de todos os xeitos.

Sr. Rodríguez Davila: eu dixen o principio e reitero, nos xa o manifestamos na comisión informativa, eu non sei si os traballadores pediron falar no pleno ou no, o que si digo é que independentemente do informe os partidos políticos temos o dereito a debater a moción, insisto no posicionamento político que cada grupo teña a ben facer na votación, para debater a moción eu solicito que se someta a votación da urxencia, o que non pode ser cando lle interesa agarrarse o informe da secretaria municipal e cando non lle interesa pedir un informe externo ¿Pediú vostede algún informe externo disto como segunda opinión?

Sr. Alcalde: non é que me interese, é que o pleno non é competente.

Sr. Rodríguez Davila: Cando ao alcalde lle interesa pide unha segunda opinión e cando non lle interesa se queda con este, nos non dicimos que non sexa válido o informe municipal, nos o que pedimos é que fagamos nosa a moción e se someta a votación a urxencia da mesma e se debata.

Sr. Alcalde: Aí é onde está a diferenza, que se debata pódese debater, pero o pleno o sabe todo mundo non é competente e o di a secretaria municipal e o saben perfectamente os traballadores, por iso acudiron a xustiza precisamente para conseguir un dereito, se non era fácil, houberan vido ao pleno no minuto un e xa

estaba todo conseguido. Outra cousa é que haxa debate, ademais teñen a palabra os traballadores. Non se poden traer a pleno temas que non son competencias do pleno, o sabe todo o mundo, se non xa se houbera traído en tempo, en todo o caso si hai algún representante dos traballadores que queira falar ou debater, debater e falar dende o ano 2007 levamos debatido e falado miles de horas, pero en todo o caso tedes a palabra.

Sr. Alcalde: creo que se está gravando o pleno desde o principio sen comunicarmo a min, en todo o caso, que saibades que se me comunica que a partir de agora se vai a gravar, o lóxico é que se me advirta a min como alcalde, mais que nada por problema de terceiros e polo tema da protección de datos, que se saiba que se vai gravar e que se saiba polo menos a partir de agora.

O Alcalde, sendo as 21.40 horas, da a palabra a varios traballadores municipais presentes na sesión plenaria (suposto non contemplado no artigo 228 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

Sr. Rey González (Humberto), traballador municipal: nos temos coñecemento agora que se estaba gravando pero para nos non ten importancia. Somos conscientes que o informe da secretaria é vinculante, o sabemos e o queremos facer constar, pero si que é verdade que nos tamén comprobamos que hai xurisprudencia que choca co informe de secretaría, e que si que existen concellos no Estado nos que houbo aprobación de que se abonasen os e se equipararaa os laborais cos funcionarios, non existindo convenio colectivo mediante decreto de alcaldía, ou sexa que si que se pode facer.

Sr. Alcalde: de maneira ilegal.

Sr. Rey González (Humberto): a túa palabra é que si que é ilegal en base a ese informe e nos dicimos que hai xurisprudencia neste pais que di que si que se pode facer, sen referirnos a ese informe de secretaría que nos temos que aceptar por que traballamos neste administración. Por outra banda nos hoxe aquí non estamos no pleno solicitando so esa moción, é un interese común de todos os traballadores e sobre todo os laborais, pero sobre todo, é un toque de atención porque creemos que, ti dis que nos reunimos innumerables e indefinidas veces, pero nesta lexislatura en concreto foron dúas as únicas veces que nos reunimos nestes tres anos e nos últimos cinco foron tres veces, unha para que nos presentaras os orzamentos municipais 2016 que os presentaches e se acabou a mesa de negociación e foi o ano pasado para presentar unha RPT que querías impor, que para moitos dos traballadores era inaceptable.

Da lectura ao escrito presentado polos representantes sindicais en data 06.06.2018 con rexistro número 2018-E-RE-105.

“A TÓDOLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA)”

Os Sindicatos CCOO, CSIF e CIG como sindicatos con representación de delegados/as representantes do persoal laboral e funcionario do concello de Salceda de Casetas, con enderezo a afectos de comunicación no correo electrónico delegadosconcellosalceda@gmail.com, e en nome de todos e cada un dos traballadores/as abaixo asinantes,

EXPOMOS:

- I. A Sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (T.J.U.E) de 22 de decembro de 2010, sobre o dereito do persoal non funcionario ao pago de trienios, di:

"36 Mediante su primera cuestión en el asunto C-456/09, el órgano jurisdiccional remitente desea saber, en esencia, si un miembro del personal interino de la Comunidad Autónoma de Galicia, como la demandante en el 'litigio principal, está incluido en el ámbito de aplicación personal de la Directiva 1999/70 y del Acuerdo marco.

37 Todos los interesados que han formulado observaciones al Tribunal de Justicia consideran que esta cuestión debe responderse en sentido afirmativo.

38 A este respecto, procede recordar que el Tribunal de Justicia ha declarado ya que tanto del tenor literal de la Directiva 1999/70 y del Acuerdo marco como del sistema y la finalidad de éstos se deduce, que las disposiciones contenidas en ellos se aplican a los contratos y relaciones laborales de duración determinada celebrados por los órganos de la Administración y demás entidades del sector público (sentencias de 4 de julio de 2006, Adeneler y otros, C-212/04, Rec. p. 1-6057, apartados 54 y 57; de 7 de septiembre de 2006, Marrosu y Sardino, C-53/04, Rec. p. 1-7213, apartados 40 a 43, y Vassallo, C-180/04, Rec. p. 1-7251, apartados 32 a 35, y Del Cerro Alonso, antes citada, apartado 25).

39 En efecto, como se desprende de la cláusula 2, apartado I, del Acuerdo marco, su ámbito de aplicación personal está concebido de manera extensiva, al referirse con carácter general a los «trabajadores con un trabajo de duración determinada cuyo contrato o relación laboral esté definido por la legislación, los convenios colectivos o las prácticas vigentes en cada Estado miembro» (véanse las sentencias Adeneler y otros, antes citada, apartado 56; de 23 de abril de 2009, Angelidaki y otros, c-378/07 a C-380/07, Rec. P. 1-3071, apartado 114, Y de 24 de junio de 2010, surge, O-98/09, Rec. P. 1-0000, apartado 30).

40 La definición, a efectos del Acuerdo marco del concepto de «trabajador con contrato de duración determinada», formulada en la cláusula 3, apartado 1, de

dicho Acuerdo, engloba a todos los trabajadores, sin establecer diferencias en función del carácter público o privado del empleador para el que trabajan (sentencia Adeneler y otros, antes citada, apartado 56).

En virtud de todo lo expuesto, el Tribunal de Justicia (Sala Segunda) declara:

1. Un miembro del personal interino de la Comunidad Autónoma de Galicia, como la demandante en el litigio principal, está incluido en el ámbito de aplicación personal de la Directiva 1999/70/CE del Consejo, de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada, y en el del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, celebrado el 18 de marzo de 1999, que figura en el anexo de dicha Directiva. 2) Un complemento salarial por antigüedad como el controvertido en el litigio principal está incluido, en la medida en que constituye una condición de trabajo, en la cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70, de manera que los trabajadores con contrato de trabajo de duración determinada pueden oponerse a un trato que, en relación con el pago de dicho complemento y sin ninguna justificación objetiva, es menos favorable que el trato dispensado a los trabajadores fijos que se encuentran en una situación comparable. La naturaleza temporal de la relación de servicio de determinados empleados públicos no puede constituir, por sí misma, una razón objetiva, en el sentido de esta cláusula del Acuerdo marco. 3) La mera circunstancia de que una disposición nacional como el artículo 25, apartado 2, de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, no contenga ninguna referencia a la Directiva 1999/70 no excluye que dicha disposición pueda ser considerada una medida nacional de transposición de esta Directiva al Derecho interno. "
2. Que o Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2016, xa aprobou unha equiparación de traballadores por UNANIMIDADE DOS MEMBROS PRESENTES, a proposta de Alcaldía de considerar o establecido no artigo 146.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego Público de Galicia, no seu punto PRIMEIRO di que "O Concello de Salceda de Caselas complementará as prestacións por incapacidade temporal que correspondan ao persoal funcionario, laboral e eventual do Concello que manteña unha relación que se atope acollida ao réxime xeral da Seguridade Social"
3. Que segundo o Decreto de Alcaldía n o 2018-0031 do día 12 de xaneiro de 2018, sobre solicitude de subvencións liña 3 Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos Deputación de Pontevedra), se está aplicando un convenio de referencia para estes novos traballadores, pois no seu apartado

SEGUNDO específica:

"En relación ao cálculo da subvención da obralservizo polo que se solicita a subvención: Que o convenio colectivo de aplicación aos traballadores/as desempregados/as que se van contratar para a execución da obralservizo polo que se solicita a subvención é o seguinte:

III Convenio Colectivo único para o persoal da Administración Pública, publicado no BOE N°. 273, de 12 1 11 1 2009"

En vista de todo o anterior, SOLICITAMOS AOS GRUPOS POLÍTICOS DESTE CONCELLO:

*Segundo establece o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que sexa sometida e considerada en pleno **unha moción** na que se acorde o abono inmediato do "COMPLEMENTO POR ANTIGÜIDADE (TRIENIOS)" a todos os traballadores laborais indefinidos ou temporais deste concello, segundo a táboa dos funcionarios deste concello e a categoría equivalente de cada traballador, con efectos desde un de xaneiro de 2018."*

Sra. Díez Domínguez (Cristina) traballadora municipal: Si me permites Sr. Alcalde, nos o que pedimos é sentarnos a negociar e a chegar a acordos, o que non pode ser e que levemos tantos anos, eu levo aquí vinte cinco anos, pensei que a cousa ía a cambiar, seguimos igual, que nos sentemos nunha mesa de negociación simplemente para falar, e que unha das frases mais famosas túas para os traballadores sexa "estou obrigado a negociar pero non a chegar a acordos" con ese talante non podemos facer nada

Sr. Alcalde: ten a palabra o concelleiro de área.

Sr. González Rodríguez: efectivamente nos xuntamos para negociar coa RPT no ano 2017, o ano pasado, o 17 de marzo, o 7 de abril e o 9 de maio, o 7 de abril vos levantastes da mesa, algunha parte dos sindicatos vos levantastes da mesa e o 9 de maio vos levantastes todos, pechando ou dando por pechada a negociación da RPT que considerades inxustas, era unha RPT que contemplaba 200.000 euros de suba salarial para todos os traballadores, si é certo que se creaban unhas novas prazas pero contemplaba 200.000 euros de suba, dos 38 postos de traballo que se contemplaban non se lle baixaba o salario a ningún.

Sr. Alcalde: compañeiros ou temos un pouco de respecto ou se non non seguimos, agora falo como compañeiro, un respecto ou non podemos seguir, sendo compañeiros con educación.

Sr. González Rodríguez: continuo se me deixan, dos 38 postos de traballo a 10 postos se lle contemplaba unha suba entre 3.000 e 8.000 euros anuais, , a outros 24 se lle subía ata un máximo de 1.600 euros anuais e a 4 traballadores se lles mantiñan as condicións que tiñan actualmente, e na última acta da mesa de negociación, o podedes ver, a ningún traballador se lle baixaba a súa retribución, si dos 38 lle baixaba a 4 traballadores pola súa valoración, eses catro na última mesa de negociación nos comprometemos a manterlle o salario. Aínda así, a pesar deses 200.000 euros que supoñía de incremento esa RPT, estamos falando dun total mais ou menos sobre un millón de euros que se gastan en salarios aquí, estamos falando entono un 20% de suba, os sindicatos na ultima mesa, na terceira mesa de negociación vos levantastes. Igualmente vos levantastes cando estaba o meu predecesor cando xa tiñades un convenio colectivo case asinado na Delegación da Xunta en Vigo ante un mediador social.

Nos non nos inventamos nada, non o digo eu, o di a Secretaria e o di o Xulgado, aquí están as sentencias, son seis sentencias xudiciais nas que o xulgado desestima a pretensión dos traballadores do Concello Salceda a cobrar eses trienios, reforzado por unha persoa que reclamou ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Tedes plantexadas e a día de hoxe demandas xudiciais precisamente, falando do persoal laboral porque o persoal funcionario xa cobra trienios, tedes plantexadas o persoal laboral demandas xudiciais, entre outras cousas para o cobro dos trienios, están chegando todas denegadas, repito, temos seis denegadas mais unha confirmación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non o digo eu, o di a Xustiza. A fórmula é a negociación colectiva, pero e que na negociación colectiva vos estades levantando das mesas, eu non sei si non vos chegan as nosas propostas ou o que, vos estades levantando das mesas, é a situación que hai, e mais, nos a día de hoxe non nos podemos sentar a negociar un convenio cando tedes demandas xudiciais abertas, o que negociemos pode vir cambiado ou modificado por unha sentenza xudicial, esa é a realidade do que pasa actualmente, entón, mentres non se resolvan todas e cada unha das sentencias xudiciais que hai non nos podemos sentar a negociar porque se van a tratar de cousas que logo ao mellor a sentenza di o contrario ou non.

Sr. Rey González (Humberto): Sito, unha cousa nada mais, estamos falando agora de que a moción non pode vir ao pleno porque hai un informe de secretaría negativo que o prohibe, pero agora eu che pregunto, ti sabias que a RPT a ían a tomar a primeira de cambio xa que era ilegal, a RPT era para novas prazas non é verdade que incrementaban salarios, ten que haber unha táboa salarial por categorías, non pode ser que un auxiliar administrativo tivese mais responsabilidade que un A1. Ti dis que nos levantamos, nos levantamos ante imposicións que non pasamos .

Sra. Díez Domínguez (Cristina): tamén hai que deixar claro Sr. González Rodríguez, non sei porqué críticas que fomos ao xulgado cando ti nos invitaches a ir para reclamar os nosos dereitos. O que falados de cando fomos á Inspección de Traballo non nos levantamos, simplemente quixemos consensualo co resto dos compañeiros e

cando xa lle dixemos que si ao señor Alcalde dixo que xa non por que xa se acercaban as eleccións e xa o deixabamos. Estamos falando sempre da RPT, non sei porque insistides tanto na RPT e non no convenio, si realmente queredes ¿Por que non negociamos o convenio? entregamos nos un convenio e non recibimos resposta, facede vos un convenio e presentádenolo, pero pido vontade de diálogo, eu levo aquí vinte e cinco anos traballando e xa pasei por todo. Estadades invitándonos a que busquemos outro sitio onde se nos dean os nosos dereitos, iso é o que estadades buscando.

Sr. Alcalde: permíteme un momentíño porque algunha xente non estaba pero a Sra. Díez Domínguez si estaba e o Sr. Rey González tamén e José tamén estaba, o que pasou na Delegación da Inspección de traballo non foi exactamente o que dixeches ti Cristina, a parte me gustaría que me aclararas onde dixeron eu iso e a quen. O que pasou na inspección de traballo é que o mediador Casas de Ron, despois de comezar as mediacións nunha xuntanza que houbo unha tarde dixo, chegado este punto vou a arbitrar sobre dous temas ¿Lembras? Eran os trienios e outro tema, o debate naquel momento estaba medio pechado, a parte dos flocos eran eses dous temas, antes das leis todas do Partido Popular que xa non había debate, era a bolsa de horas cando neste concello se facían 35 horas por parte dos funcionarios e Casas de Ron nos pediu si podía pasar a ser arbitro de eses dous temas. Si vos houberades aceptado naquel momento e si naquel momento deixarades que arbitrara Casas de Ron xa habería convenio naquel momento.

Sra. Díez Domínguez (Cristina): asegúrote que si chegamos a saber o talante de negociación que tes houberamos dito que si.

Sr. Alcalde: di a verdade, Casas de Ron pediu arbitrar e vos non aceptastes a arbitrase, punto non hai mais, se non xa tiñamos chegado a un acordo naquel momento, di a verdade, iso foi o que fixo.

Sra. Díez Domínguez (Cristina): ti tes memoria histórica pero eu tamén.

Sr. Alcalde: o que acabas de dicir eu quero que mo rebatas e de onde sacas que eu lle dixeron a Casas de Ron “*veñen as eleccións*”, chamamos a Casas de Ron e nos achegamos alí e llo dis na cara, sexamos serios, eu contigo falei bastantes veces e con Humberto tamén, eu do teu traballo non teño ningunha queixa e o sabes, si se deixara arbitrar no 2009 a Casas de Ron hoxe habería convenio, di a verdade e que o saiban os compañeiros, e é mais ti e eu chegamos a un acordo que eu cumprín e ti non, pero ese é outro matiz.

Eu non participei nas ultimas negociacións, polo tanto nas últimas negociacións poden falar Sito, Miguel ou o sabe Loli, que estiveron nesa xuntanza, si se houbera deixado arbitrar a Casas de Ron hoxe habería convenio, o saben os catro representantes sindicais, eran so dous temas e desde aquel momento pasaron mais

cousas, hai sentencias xudiciais e participou o Tribunal de Contas.

Sr. Núñez Troncoso (Emilio): traballador municipal: Me vou a remitir ao tema de hoxe, no informe da secretaria di claramente cal é o procedemento, que hai qué aprobar un convenio, pedimos iso nada máis, somos conscientes de que os salarios e antigüidade non se poden levar a pleno, pero desta forma o vamos a pedir, e vamos a estar en todos os plenos ata que se firme un convenio e o que queremos é que se recolla a equiparación dos salarios dos laborais aos funcionarios. Eu estou aquí como representante funcionario e o resto de funcionarios aquí estamos apoiando aos compañeiros laborais. Con respecto o que di Sito, parece mentira que digas iso, nos presentastes unha RPT onde eses salarios que falas ti se están gañando no xulgado, nos o único que queremos é un convenio xa e que se recolla iso nada mais. Nós nos levantamos das mesas da comisión porque a vos o que vos interesaba é aprobar a RPT que é o que vos dá opción para aprobar as prazas. Outro tema te acordas Sito, que dixeches que agora non se iba a falar do convenio porque presentastes unha demanda colectiva e que agora íamos a falar solo da RPT.

Sr. González Rodríguez: eu o que dixen é que a RPT contemplaba inicialmente 200.000 euros de suba e sabedes que non se lle baixaba o soldo a ningún, catro postos viñan co salario á baixa e nós nos comprometemos na terceira reunión efectivamente a conservarlle o salarios, pero os 34 postos restantes aumentaba os salario, eu che vou a repetir os salarios, o dixen na acta da mesa de negociación, a maiores o de xudicializar as vosas demandas, eu vos dixen que para facer indefinidos non fixos que nos non o podíamos facer, nos non podemos facer indefinidos non fixos ao persoal laboral que non pasou un proceso de selección, por iso a Lei de Función Pública de Galicia di que non se pode facer, que en todo o caso será un xuíz, por iso nas sentencias que están chegando das vosas demandas nos non nos estamos opoñendo a ningunha delas, vos damos a razón.

Sr. Alcalde: o que non podemos estar negociando e estar no xulgado ¿Como imos a estar negociando nun marxe de confianza e denunciando ao mesmo tempo? A confianza houbera sido firmar a arbitrase no 2009.

Sra. Díez Domínguez (Cristina): volvo a dicir que naquel momento dixen que íamos a consensualo cos compañeiros, si soubera o teu talante seguramente houbera deixado que arbitrara.

Sr. Alcalde: eu acepto a arbitrase no momento, seguramente votástesvos atrás por si acaso Casas de Ron non vos daba a razón.

Sr. Rey González (Humberto): naquel momento dixemos que si que se arbitrara si o aprobaba a asemblea de traballadores por maioría, foi o que se dixo naquel momento.

Sr. Alcalde: este tema é moi importante e que o saiban os compañeiros, este tema se puido arranxar ca arbitrase do ano 2009, que quede claro, é algo moi importante, que quede claro que se puido arranxar no ano 2009.

Sr. Rey González (Humberto): Sr. Alcalde parece que estamos rizando o rizo e o único que vos pedimos aquí sinceramente é que haxa compromiso e intención de negociación de convenio.

Sr. Alcalde: intención houbo sempre e haberá sempre, pero tamén che digo Humber a ti e a todos os compañeiros mentres haxa vivas demandas xudiciais non é posible ningunha negociación, que quede claro tamén, se non nos estamos equivocando.

Sr. Rey González (Humberto): as demandas xudiciais se retiran todas mañá si hai un compromiso dunha táboa salarial xusta neste concello e un convenio colectivo xusto asinamos mañá.

Sr. Núñez Troncoso (Emilio): non compromiso, asinado.

Sra. Díez Domínguez (Cristina): non compromisos, se non chegar a acordos.

Sr. Alcalde: pero non hai que levantarse da mesa, que nos en 11 anos que é o que me toca a min, nunca nos levantamos da mesa.

Sr. González González: podo facer unha puntualización, eu participei en todas as negociacións, con Carla, con Loli e xunto con Sito representando ao goberno e os representantes dos sindicatos eran os que estaban aquí, creo que falta Claudio. O que se dixo aquí hai medias verdades, hai algunha mentira, hai de todo, o que se propuxo é a negociación da RPT, unha negociación previa á negociación do Convenio Colectivo, iso foi o que se propuxo nas mesas de negociación, creo que foron tres reunións ás que asistimos, nos levabamos un documento moi perfiladiño, moi axustado, onde se recoñecían as igualdades salariais para os que teñen menos salarios, os representantes sindicais mostraron moi pouco interese nesta equiparación salarial, eles ían por outros camiños, non mostraron interese ningún, pouco respecto os laborais. Está moi ben o tema de Cristina e Humber, educados e competentes, non me gustou nada o tema de Emilio na locución que fixo aquí, non me gustou nada o teu nono de sobrado perdoándolle a vida a José Luis, moi sobrado, moi xusto en educación, hai que ter educación Emilio, nunca mostrastes interese na RPT previa á negociación do convenio, non hai que empezar a casa polo tellado, levantástesvos da mesa porque non vos interesaba a regularización salarial que vos estabamos plantexando.

Sr. Alcalde: a oposición a día de hoxe pode falar o que haxa que falar, breve en todo caso.

Sr. Rodríguez Davila: non pretendemos quitarlle o protagonismo aos traballadores,

pero si como portavoz do grupo popular quería dicir unhas cantas cousas, unha vez mais se demostrou neste pleno o comportamento dos diferentes concelleiros que conformamos a corporación. Outro galo nos cantarían, alcalde, se fose a inversa virían vostedes con camisetas con pancartas apoiando aos traballadores.

Sr. Alcalde: cingámonos ao que nos interesa, os protagonistas por suposto son os traballadores, o que nos interesa é falar do tema.

Sr. Rodríguez Davila: estou poñendo en contexto o que aconteceu neste pleno. Decía vostede no ano 2007 nunha entrevista que lle facía un xornal, dicía *“supuxeron o acceso ao sistema democrático xa que ata o de agora en Salceda aínda estaba pendente”* unha falacia como unha catedral, *“os veciños opinan abertamente respirase liberdade, atrévense a esixir e a reclamar os seus dereitos”* xusto, outra cousa é que eses dereitos sexan pisados sistematicamente polo goberno de turno que é o que vostede preside, *“algo que antes non acontecía porque estaban baixo a tutela dun alcalde de xeito feudal”* coidado, *“co cambio de goberno acabou o clientelismo, económico e de control que viña facendo desde hai trinta anos”* hai tantos episodios de clientelismo e do que vostede manifestaba no ano 2007 que poderían aburrir aquí ao nomealos. Eu non digo que vostedes teñan que aceptar o cen por cen e arrodillarse ante as peticións dos traballadores, eu o que digo que hai que negociar, consensuar, non impoñer, hai que buscar unha solución a un problema que teñen os traballadores laborais. Eu creo que habería que preguntarse porque chegaron a ter que ir a xustiza para reclamar os seus dereitos, quen o diría dun goberno que di ser de non sei que ideoloxía, cando en diferentes manifestacións son os primeiros que collen as pancartas reivindicando os dereitos e os soldos e as pensións dignas, que sona moi ben pero o que hai é que aplicarse o conto. A vostede non lle interesa que os traballadores do concello cobren soldos dignos, o que a vostede lle interesa é quedar guay detrás da pancarta. Desde logo o que a nós nos toca e o que nos poidamos facer, aquí estamos e na vontade de que se chegue a un acordo mais pronto que tarde, se asine un convenio. O importante é a disposición, a sensatez, a humildade, cando é unánime e todo o mundo o apoia por algo será.

Sra. Tourón Domínguez: agradecer que se lle dera a palabra aos traballadores, creo que os protagonistas por desgraza son os traballadores e eles explicaron moi ben cal é a súa situación, eu díxeno sempre, nos somos os primeiros que debemos dar exemplo e o que non queiras para ti non o queiras para os demais. Creo que é un tema que todos coñecemos, en canto o alcalde as faltas de respecto, o de chamarlle mentireiros os demais, , aquí acabamos sendo todos mentireiros menos el.

Sr. Alcalde: eu permítoche a palabra sempre que non faltes ao respecto e estas dicindo algo que eu non dixen.

Sra. Tourón Domínguez: eu creo que por varias veces se dixo que Cristina estaba mentindo, xa non vou facer eco das palabras do compañeiro do lado que dixo con

respecto a Emilio que tampouco me parecen correctas. Eu creo que debemos ser sensatos, que eles aquí veñen a pedir o que creen que lles pertence, nos todo o noso apoio dentro do que humildemente poidamos facer e aquí están unha vez máis estes gobernos que se din de esquerdas progresistas e que despois están en contra dos traballadores. Un inciso máis, a que aquí vos fala, a portavoz do partido socialista é concelleira desde 2015, non tiveron ningún tipo de concellería e menos a de persoal, pero a que aquí vos fala non tivo competencia en persoal en ningún momento e nin gobernou en ningún momento, eu non estiven tampouco en ningunha mesa e agora que lle gusta o consenso, a min me gustaría que me preguntaran que opinaba eu de todo isto.

Sr. Alcalde: tes un lapsus aí, a túa vida empezou no 2015 neste concello, a realidade sabémola todos, estabas na mesa desde o 2007 e do 2008. Non é verdade que non negociamos, levamos negociado xa cousas cos sindicatos e levámonos sentado en varias mesas, o convenio colectivo, a RPT, negociamos os complementos salariais para o persoal laboral do ano pasado creo que foi, os presupostos do concello sempre nos sentamos con eles, etc...

Eu non vou a dicir con respecto á moción que presentan os grupos da corporación, non vou a dicir eu, que non lle pertencen ou no, o está dicindo un xulgado, o está dicindo o TSX e o está dicindo a Secretaria, en todo o caso terá que ser a través dunha negociación colectiva, así o di, e para que haxa unha negociación colectiva, xa dixen, e me repito, téñense que pechar os procedementos xudiciais abertos, así o digo, porque se están reclamando cousas que son motivo de negociación, e nesa situación é na que estamos.

Nas últimas mesas de negociación e na terceira mesa os sindicatos se levantaron, non quixeron seguir co acordo porque pedían unhas cantidades, eu non digo que tiveran razón, ou que si a tiveran, ou que non a tiveran, pero e que pedían eran 62 postos de traballo, daquela se nos duplicaba a masa salarial, e que non é que non queiramos, eu 62 nom, eu por min acollía a 200 traballadores, pero é que o concello de Salceda non ten capacidade económica para facer fronte a esa cantidade.

Emilio, si o noso era pouco serio o voso era pouco serio, falamos de seriedade, teremos que abrir a vara de medir por que se non.

Vos plantexabades unha RPT con 63 postos de traballo, pero hai que dotalos economicamente, os 700.000 euros que plantexabades vos, nós non somos capaces de asumir iso porque é imposible. A raíz de aí nos estamos dispostos a negociar o que queirades pero e que claro, ca aptitude de levantarse da mesa non, e ca aptitude de xudicializar temas que estamos negociando tampouco, porque se non teremos que esperar a que saian as sentencias e a raíz de aí ca sentenza na man empezamos a falar, digo eu.

(Entran en debate varios membros da Corporación e do público)

Sr. González Rodríguez: Emilio, efectivamente na RPT ía o recoñecemento dos salarios.

Sr. Alcalde: Emilio, no ano 2009 houbo a consolidación e se someteu a arbitraje, a ver si queremos entender dunha vez o que pasou, e o concello nunca se levantou da mesa e hai sentencias xudiciais. Para empezar temos que partir dunhas bases certas e dun principio de confianza, si se está esixindo algo que non che recoñece a xustiza cando vas a xustiza, pero aquí ninguén nega a indefinición e que ninguén a negou, e que si a negaramos non a estaríamos negociando no 2008, partindo de aí si nos seguimos levantando da mesa, e cando o concello evidentemente a primeira demostración e que pide a arbitraje, a partir de aí eu non sei que máis talante pode haber.

Estades esixindo cousas porque vos corresponde e a xustiza divos que no, os únicos recoñecementos eran os que nos xa asumíamos na RPT e de todas as sentencias non reclamamos no TSJ, cousa que si fixeron algúns traballadores. Ru non sei onde está o talante negociador e eu volvo a dicilo con esas premisas, agora si nos volvemos a levantar da mesa non hai debate. Ti estabas Carlos, estou falando do convenio e onde chegamos, con unhas condicións laborais infinitamente mellor que as de hoxe Carlos, sabedes que eran unhas condicións económicas, sociais e laborais, infinitamente mellores.

(Entran en debate varios membros da Corporación e do público)

Sr. González Rodríguez: é certo o que estas dicindo pero tes que matizar o que che dixen igual que lle dixen aos sindicatos, o acordo para a mellora de emprego que ti me viñas a dicir recolle que teñen que estar publicados os Orzamentos Xerais do Estado, e sabes que non están, pois iso foi o que che dixen eu, ou non?

Sr. Rey González (Humberto): si xa sei, pero podiades ir avanzando.

Sr. González Rodríguez: Carlos eu non nego que estiveras comigo e que falaramos eses temas pero é certo que che dixen iso ou non, que moitas partes do acordo que vamos a negociar para a mellora de emprego están supeditados á aprobación dos Presupostos Xerais do Estado, que a día de hoxe aínda non están aprobados, estarán aprobados dentro de 15 días, pois espera a que estean aprobados os Presupostos Xerais do Estado, que é ao que se refire o acordo e parte dos seus artigos.

Sr. Alcalde: Carlos ti sabes o que estás falando, levas moitos anos nisto e sabes moitas cousas disto e sobre todo sabes o que estás calando e eu e ti falamos moito no 2007. Carlos eu non denuncio a ninguén para logo chegar a un acordo. Humber creo que fun bastante explícito, negociar e xudicializar ao mesmo tempo é incompatible, Carlos

eu non denuncio a ninguén para chegar a un acordo.

Pasamos o **PUNTO DE ROGOS E PREGUNTAS** ten a palabra Sra. Tourón Domínguez.

Rogo: Grupo Municipal do PSdeG-PSOE. Problema de accesibilidade do Pavillón Municipal.

Dase conta do rogo presentado polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE con número de rexistro [2018-E-RPLN-30](#) que literalmente dí:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas en base ó disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula ó Sr. Alcalde, esta proposta de goberno en forma de ROGO:

Que se realicen as actuacións pertinentes para solucionar o problema de accesibilidade do Pavillón Municipal.

Salceda dispón dun Pavillón Municipal con numerosas actividades deportivas, tanto de entramento, como campionatos e exhibicións . Ademais, en moitas ocasións tamén acolle actividades culturais e solidarias. Sen embargo, esta infraestrutura non dispón de ningún tipo de accesibilidade para aquelas persoas que teñen problemas de mobilidade.

Dende o noso grupo consideramos prioritarias todas aquelas actuacións que nos levan a ser unha sociedade máis igualitaria e que eliminen as barreiras de accesibilidade que este colectivo sofre no día a día. Na pasada lexislatura, dende a concellería de deportes, comezouse o estudo, e solicitáranse diversos orzamentos para dar solución a este problema, que se podían agora retomar.

Por ese motivo, o Grupo Municipal Socialista, solicita que se realicen os estudos e actuacións pertinentes para solucionar o problema de accesibilidade do Pavillón Municipal.”

Sra. Pérez Pérez: Boas noites a todas e a todos, en base a este rogo que solicitas comentarche que existe un proxecto no 201, que plantexaba una serie de opcións de mellora e este proxecto se presentou en varias subvencións, un foi o GDR e outro foi neste ano concretamente para infraestruturas e dotación, instalacións e equipamentos vinculados as prestacións de servizos municipais, o que se intentaba era iso, mellor a accesibilidade no propio pavillón

Sr. Alcalde: Máis rogos.

Sr. Rodríguez Davila: nos temos un que facemos de viva voz, rogamos que se executen as solicitudes feitas nos mais de vinte cinco rogos que levamos presentado nos últimos meses, porque estivemos comprobando a execución dos mesmos e hai

moitas melloras solicitadas que están sen realizar.

PREGUNTAS

Sr. Alcalde: pasamos entón o tema de preguntas, contestaremos as preguntas por escrito porque consideramos que moitas delas non temos os datos, entón si facedes o favor ou as presentades de viva voz ou as presentades por escrito.

Sr. Rodríguez Davila: respecto do rogo que acaba de presentar o grupo socialista, quería preguntarlle a Concelleira de Deportes, comentarche que solicitastes unha subvención para a accesibilidade, que cantidade se pediu? ¿É a orde que sacou Vicepresidencia da Xunta?

Sra. Pérez Pérez: podedes solicitar o rexistro porque está toda a documentación que se lle remitiu á Xunta, é para infraestrutura e dotacións de instalacións e equipamentos, que é de Presidencia, se solicitara xa noutros anos e o ano pasado para parques e xardíns e no anterior de equipamentos. Este ano o que se presentou foi este proxecto que se tiña plantexado en 2016, era de 32.000 euros aproximadamente do ascensor, nos mandaban presentar tres orzamentos e o proxecto se valoraba no que menor contía que estaba en 30.699,12 euros.

Sr. Rodríguez Davila: nesa solicitude había unha porcentaxe que tiña que aportar o concello ou non?

Sra. Pérez Pérez: si había unha porcentaxe, era 80-20.

Sr. Rodríguez Davila: quería preguntar por unha empresa que está realizando unha serie vídeos que se está colgando no facebook do concello que se puxo en marcha hai uns meses, si hai algún convenio con esa empresa, si se lle vai pagar contra factura, como foi o procedemento de adxudicación de esa empresa ou os criterios, que está realizando eses vídeos.

Sr. Alcalde: por escrito.

Sr. Rodríguez Davila: insisto a nós nos gustaría que se contestase de viva voz, porque de esta maneira están limitando en preguntar e aclarar respecto a un tema. Si vostedes toman a decisión de contestar por escrito alá vostedes, nos non estamos de acordo.

Sr. Alcalde: as contestacións teñen que ser rigorosas, as veces non temos os datos, hai que contestar con lóxica e con rigor, por iso é mellor contestalas por escrito.

Sr. Rodríguez Davila: vostede é o que está limitando o debate político, agora ben, vostede non se escuse en que non teñen os datos, si vostedes limitan as preguntas no

pleno, bo síntoma non é, eu preguntolle ao alcalde si teñen intención de responder por escrito.

Sr. Alcalde: si

Sr. Rodríguez Davila: perfecto, queríamos saber quen é o Concelleiro ou Concelleira delegado da Policía Local ¿Non me van a contestar? igual non teñen o dato.

Sr. Alcalde: o mellor creo que é contestar por escrito para que a resposta vaia co máximo rigor.

Sr. Rodríguez Davila: ¿Cando teñen pensado dar autorización de acceso á documentación que reiteradas veces levamos solicitada por rexistro de entrada? concretamente a pista municipal e ensanche da Pista municipal Ataúde, levámolo solicitado xa hai uns meses, a transparencia se gaña cos feitos, xa tiveron conversas ca Señora Secretaria Municipal espero que nos vindeiros días teñamos acceso a esa documentación, tamén acceso a información solicitada por vía sede electrónica, ao plan anual de limpeza e desbroces de camiños e espazos públicos, acceso respecto aos contratos das parcelas do uso público en propiedades privadas do casco urbano e arredores destinadas a aparcadoiros, tamén as analíticas de auga de novembro 2017 e xaneiro 2018, pendente a entrega da liquidación das contas do ano 2017 que tamén se nos denega o acceso a esa documentación, solicitamos que se nos conteste con rigor e por escrito.

Sr. Núñez Troncoso: Con respecto á modificación do IBI saíu publicada o día 4 de abril incompleta e o día 13 de abril se publicou novamente incompleta, ¿vaise a publicar novamente a publicación?, xa que tal como se publicaron non foi o que se aprobou no pleno.

O Plan Concellos 2018, con respecto a Liña tres a asignación do noso concello é de 655 000 euros e a porcentaxe máxima é de un 22,62%, non sei si se chegou a aplicar esa porcentaxe máxima ou si se desviou parte desa porcentaxe para outras liñas, recordo que esta liña é para emprego, para contratación.

Sra. Tourón Domínguez: Nesta ocasión as preguntas meterémolas por escrito e a partir de agora meterémolas por escrito con tempo suficiente para que se nos conteste no pleno, xa que cando lle interesa o alcalde faille caso o que di o ROF, sempre as contesta de alí a tres meses e menos no pleno ,en todas os sitios.

Sr. Alcalde: Damos por rematado o pleno si vos parece e levantamos a sesión ata a seguinte.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE